


O Principio da Principia
Por Raquel Ordóñez Tobío
1º Premio de narración “Ciencia que conta”



– Chámome Emilie de Breteuil. – Pronunciou con orgullo a medida que sacaba dunha das estanterías da súa gran biblioteca os *Principia Mathematica* de Newton que pensaba traducir.

Sentou nunha das nacaradas cadeiras da sala de lectura e leu perplexa as miles de liñas de sabiduría.

A pluma danzaba rápida e cautelosa sobre os delicados trazos do papel.

–A mazá. – Balbuceou sorrinte ao atopar entre as páxinas do libro unha nota estraña.

Apartouna do seu traballo e acomodouna nunha das esquinas do seu escritorio, baixo o tinteiro.

Pero aquel condenado anaco de papel non quixo perderse entre o olvido e alzou o vó ao son do vento ata caer lentamente agotado sobre a alfombra.

O gato da marquesa pareceu descubrir un branco xoguete, no que clavou as súas afiadas gadoupas ata crear diminutos buratos polos que meter os seus enroscados bigotes.

Cando Emilie se percatou da acción da súa adorada mascota e lle arrancou da boca as notas, fixouse na curiosa sinatura ao final do escrito. Isaac Newton, dicía.

Non podía ser.

Deixou as notas secar ao aire e leunas cando todos foron durmir.

Aquela pequena historia despertou en Emilie esa curiosidade que ten todo ser humano ante o descoñecido.

Os seus ollos seguiron animados os dificultosos caracteres de letra de Newton, pedindo agradecidos un descanso nos puntos e aparte.

«Esta tarde atópome realmente deprimido, e observar o ceo azul baixo as maceiras desta campiña inglesa é de momento o único que pode animarme.

A lúa obsérvame dende o seu trono no firmamento, branca como unha perla e redonda como un gran chícharo. As flores que aínda adornan os pés das maceiras cóbrenme co seu arrecendo.

Estou famento, e non sei se é que a miña estatura non é a apropiada ou é que as árbores medraron dende a última vez que os víñ, pero non logro alcanzar o exquisito manxar.

Pregúntome se Deus existe, ou se a ciencia evoca as casualidades, caeu unha mazá, unha preciosa e saudable mazá abermellada.

A súa pel cortéase en círculos e un visitante saúdame dende o seun interior.

Ese condenado gusano verde e marrón vaimas pagar. Ou iso crín ata que ocorreu o que xamais esqueceréi.

– Ou, que mareo! Por que diaños caería? Co ben que estaba eu nese árbore... Ditosa gravidade.– Replicou dende a súa morada.

Non é posible. Estareime volvendo tolo? Os gusanos non falan, non, por suposto que non falan.

Pero... Porqué se produce a gravidade?

Sempre me preguntara por que as mazás caen, é algo que vexo practicamente todos os días dende que teño memoria, e nin Galileo cos seus estudos sobre a caída dos graves puido esclarecermo. Non me é posible atopar unha razón lóxica para iso; avergónname profundamente recoñecelo, pois son científico e a miña vida e buscar solucións a estes interrogantes.

E tíñao intentado, crédeme que sí, pero se as mazás caen atraídas por unha forza. Por que a lúa non o fai da mesma maneira?

– Eh tí! Poderías axudarme?

– Perdón? Quen dixo iso?

– Aquí, no chan.

En definitiva, volvinme tolo, de verdade oin falar a ese gusano.

– Ola! Vas axudarme ou que?

– Eh... Si. Que necesitas?

– Pareceme mentira que aínda non te deras conta. Quero incorporar a miña casiña.

– Vale, axudareiche, pero con unha condición.

– Xa veremos... De que se trata?

– Da gravidade. Oínte mencionala antes.

– A gravidade é a forza de atracción desenvolvida entre os obxectos polo feito de ter masa.

– Que no noso caso é a Terra, non?

– Exacto.

Levantei a súa morada e coloqueina sobre unha das ramas da vella maceira, tendinlle a miña man e deslizouse sobre os meus dedos ata chegar á palma.

Tiña uns olliños moi pequenos e graciosos e unha gran boca recuberta de pelusa marrón a modo de barba.

– Moitas grazas, señor...

– Isaac Newton, e non as merezo.

– Só che direi unha cousa máis acerca da gravidade; o resto tes que deducilo tí.

Ben, pensa no movemento dos astros, o tipo de forza que atrae aos obxectos hacia a Terra ten que ser igual ó que logra que estes se movan.

– Compréndoo pero... Quizais necesite algo máis.

– Está ben, os fenómenos semellantes tenden a ser producidos polas mesmas causas. E ten presente este nome: Kepler. As súas órbitas elípticas.»

A nota finalizaba así.

Emilie ergueuse sobresaltada lendo a sinatura e a data.

Esta era de cinco anos e medio antes da publicación dos *Principia*.

Traduciu o libro na súa totalidade, agás esta parte, da que nunca se coñeceu a súa verdadeira orixe e que pertenceu a un borrador ou diario privado que caeu en mans de Emilie.

Xamais saíu á luz, e só ela e unhas contadísimas persoas coñeceron o asombroso segredo que se escondeu baixo a privilexiada mente de Isaac Newton.